


Viveiro, 18 de abril de 1986.

Xosé María Monterroso Sevesa.
A Coruña.

c/ 19-5

Benquerido amigo;

Velai che vai a certificación literal do rexisto do nacemento de Ramón Vilar Ponte, o noso amigo. Mándoches tamén unha fotocopia da resena que o Heraldo de Viveiro (pelo de "Viveiro", a Crux que me cacheen) fixo da tua conferencia. Non me poden facer cun orixinal. Pero non teñas perda del: para qué queres prosa provinciana na casa? É curioso: o Heraldo anatemiza de cotío contra nós e xamáis cobre informativamente os nosos actos; pero deíñeches ti, falache con quen o imprime, díchelle o recado de dona Teresa Vilar e velai tes a crónica. Gostaríamos que os nosos conferenciantes sempre conseguisen tan bons resultados informativos... É coña. A verdade é que ficamos contentísimos e sumamente satisfeitos da tua charla, da tua desinteresada colaboración e do éxito de público. Gracías por todo, Xosé María. Unha aperta.



HERNÁN NAVAL.